CLUB ESCOLA XADREZ CULLEREDO

IV Open Internacional XADREZ "José Antonio Ferreño"

Data: Domingo, 22 de Novembro de 2026

Local de xogo: **Residencia Universitaria Rialta**

A Zapateira, Rúa de Laxe 122-124 15174 Culleredo, A Coruña

Organiza: Club Escola Xadrez Culleredo

Director do torneo: José Antonio Ferreño Suárez

Árbitros: José Francisco Fernández Núñez y Lucía López Fraga

Modalidade: Xadrez rápido

Valedoiro para ELO FIDE e aberto a todas as idades. No caso de non ter licenza federativa, a organización farase cargo de facilitala.

Premios: 1º Trofeo, delicatessen gastronómica local e 300€
2º Trofeo, delicatessen gastronómica local e 200€
3º Trofeo, delicatessen gastronómica local e 100€
4º Trofeo, delicatessen gastronómica local e 60€
5º Trofeo, delicatessen gastronómica local e 40€

1º Clasificado do Club Xadrez Culleredo: Delicatessen gastronómica local e 30€

1º Veterano (+55, nados no ano 1970 e anteriores): Delicatessen gastronómica local e 30€

1ª Muller clasificada: Delicatessen gastronómica local e 30€

1º Clasificado con ELO inferior a 1800: Delicatessen gastronómica local e 20€

1º Clasificado sub-14 (nados no ano 2012 e posteriores): Delicatessen gastronómica local e 20€

Medalla para todos os participantes sub-14.

NOTA: Os premios non serán acumulables, pasando o seguinte clasificado da categoría correspondente.

Sistema de xogo: Suízo a 8 roldas.

Emparellamentos: realizaranse mediante programa informático (Vega); non se admitirán reclamacións salvo erros na introdución de resultados antes da publicación da seguinte rolda.

Ritmo de xogo: 10 minutos cun incremento de 5 segundos por xogada (10'+5").

Tempo máximo de espera: Ata caída de bandeira.

Bye: Os deportistas poden solicitar os bye que desexen, sendo nas 3 primeiras roldas de 0'5 puntos e no resto de 0 puntos, avisando ao equipo arbitral o remate da rolda anterior. Os bye por imposibilidade de emparellamento serán de 1 punto.

Horario de xogo:

Presentación: 11:00

1ª rolda: 11:30
2ª rolda: 12:15
3ª rolda: 13:00

4ª rolda: 16:00
5ª rolda: 16:45
6ª rolda: 17:30
7ª rolda: 18:45
8ª rolda: 19:30

Entrega de premios: ao remate da 8ª rolda.

Desempates:

1.- **Encontro directo (DE)**
2.- **Partidas que un decide xogar (REP)**
3.- **Buchholz total (BH)**
4.- **Buchholz Corte 1 (BH-C1)**
5.- **Media de performance dos rivais (APRO)**
6.- **De persistir o empate, sortearíase a orde final.**

Inscricións: No correo electrónico **torneos.cexc@gmail.com** ou a través dos teléfonos de información. Prazo ata o 21 de Novembro, inclusive.

Cota: Xeral 15€. Mulleres 10€. Socios e alumnos do Club Escola Xadrez Culleredo, 10€. Titulados FIDE, tanto masculinos coma femininos, gratis.

IMPORTANTE: Pódese xantar no comedor autoservizo da residencia universitaria. Menú do día: **9,10 €** (primeiro, segundo, postre e auga). É necesario avisar ó inscribirse ou polo menos dous días antes do torneo, indicando si se ten algunha intolerancia ou alerxia alimentaria.

Información: Nos teléfonos 680 920 562 (Jose), 679 81 97 10 (José Antonio) e www.info64.org.

Notas adicionais:

1. Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listaxes de resultados, clasificacións, participantes, xogos, etc).

2. As decisións arbitrais serán inapelables.

3. A inscrición no torneo leva aparellada a aceptación deste regulamento. Para o non especificado nestas bases aplicarase o regulamento da FIDE.

4. A organización reservase o dereito de admisión e o de rectificar ou modificar estas bases. Última versión vixente: info64, botón "Información adicional".

5. Límite de participantes: 130.

Locais recomendados para comer:

O Refuxio do Moucho

Av. Vilaboa, 39, 15174 Culleredo, A Coruña
Teléfono: 881 02 61 85

Taberna O Candil

Av. Vilaboa, 28, 15174 Culleredo, A Coruña
Teléfono: 981 65 16 55

Restaurante A Casa do Cura

Costa da lonxa, 16, 15670 O Burgo, Culleredo, A Coruña
Teléfono: 981 90 24 90

Mesón A Cepa

Av. Coruña 22, 15670 O Burgo, Culleredo, A Coruña
Teléfono: 981 66 35 01